

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	IES Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

As artes plásticas, visuais e audiovisuais diríxense cara á adquisición dun pensamento que se concreta en formas, actos e producións artísticas, e que posúe a capacidade de xerar propostas orixinais respondendo ás necesidades do individuo. Supoñen, ademais, a posibilidade de actuar sobre a realidade creando respostas que prolonguen e amplíen a capacidade expresiva do ser humano.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual integra todas as dimensións da imaxe (plástica, fotográfica, cinematográfica e mediática), así como a súa forma, que varía segundo os materiais, as ferramentas e os formatos utilizados. A imaxe, que pode ser bidimensional ou tridimensional, figurativa ou abstracta, fixa ou en movemento, concreta ou virtual, duradeira ou efémera, amósase a partir das diferentes técnicas que foron ampliando os rexistros da creación. A chegada dos medios tecnolóxicos contribuíu a enriquecer a disciplina, diversificando as imaxes e democratizando a práctica artística, así como a recepción cultural, pero tamén aumentou as posibilidades da súa manipulación. Por este motivo, resulta indispensable que o alumnado adquira os coñecementos, as destrezas e as actitudes que cómpren para analizar as imaxes criticamente, tendo en conta os medios de produción e o tratamento que se fai delas, co fin de cimentar un definido espírito crítico fronte ás diversas manifestacións estéticas.

A materia dá continuidade ás aprendizaxes da área de Educación Plástica e Visual da etapa anterior e afonda nelas, contribuíndo a que o alumnado siga desenvolvendo o aprecio e a valoración crítica das manifestacións plásticas, visuais e audiovisuais, así como a comprensión das súas linguaxes, a través da súa posta en práctica na realización de diversas clases de producións. Esta alfabetización visual permite unha adecuada descodificación das imaxes e o desenvolvemento dun xuízo crítico sobre estas. Ademais, dado que a expresión persoal se nutre das achegas que realizaron ao longo da historia, favorece a educación no respecto polo patrimonio cultural e artístico, e a súa posta en valor.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que emanan dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A orde en que aparecen os obxectivos da materia non é vinculante, polo que poden traballarse simultaneamente, mediante un desenvolvemento entrelazado. De feito, o enfoque eminentemente práctico da materia comporta que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución destes por parte do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia articúlanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Exposición gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas, ademais dos factores e das etapas do proceso creativo.

Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os xéneros artísticos e as súas manifestacións. Xeometría na arte.	Análise de obras pertencentes ao patrimonio galego. Análise da xeometría da arte na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns.	10	8	X		
2	Elementos visuais básicos: posibilidades expresivas e comunicativas.	Análise da forma, cor e textura.	16	12	X		
3	Percepción e composición.	Principios perceptivos e organización das formas.	27	21		X	
4	Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas e tres dimensións.	O seu uso na arte e as súas características expresivas.	21	9	X	X	X
5	O proceso creativo: fases e etapas. Introducción aos sistemas de representación.	Crear mediante operación plásticas. Vistas no sistema diédrico. O esbozo isométrico.	11	10			X
6	Imaxes visuais e audiovisuais	Lectura e análise de imaxes. Imaxe en movemento.	15	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os xéneros artísticos e as súas manifestacións. Xeometría na arte.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Contextualizar historicamente as producións plásticas, visuais e audiovisuais	TI	100
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a conservación do patrimonio artístico galego		
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar as propias producións e respectar as alleas		
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Seleccionar e describir propostas plásticas e incluílas na súa propia cultura visual		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Argumentar a súa satisfacción pola recepción da arte		
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Explicar a súa presenza a un contexto cultural concreto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos. - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego. - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns.

UD	Título da UD	Duración
2	Elementos visuais básicos: posibilidades expresivas e comunicativas.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar as diferentes linguaxes das produción artísticas e incorporadas ás súas.	TI	100
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresarse en produción plásticas a través da experimentación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.

UD	Título da UD	Duración
3	Percepción e composición.	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de traballo	TI	100
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un proxecto gráfico-plástico aplicando todo o aprendido		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores.
- A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.

UD	Título da UD	Duración
4	Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas e tres dimensións.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Recoñecer as características das diferentes técnicas	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresarse a través de diferentes producións		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Utilizar referencias artísticas da contorna a dar a lúa visión persoal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
5	O proceso creativo: fases e etapas. Introducción aos sistemas de representación.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Utilizar referencias artísticas da contorna a dar a lúa visión persoal	TI	100
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un proxecto artístico asustándose ao boceto		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Expor o resultado final e ver os erros e solucións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
6	Imaxes visuais e audiovisuais	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar de xeito guiado producións audiovisuais	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Recoñecer a linguaxe visual e audiovisual		
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Utilizar referencias audiovisuais da contorna		
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un proxecto audiovisual		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os usos e funcións das producións audiovisuais		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Expor o proceso de elaboración e o resultado do proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.
- Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación.
- Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Aspectos xerais:

Partir da competencia inicial do alumnado

Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe

Potenciar as metodoloxías activas:

Combinar traballo individual e cooperativo

Aprendizaxe por proxectos

Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas

Uso das TIC, edixgal para 1º, 3º e 4º de eso e aulas virtuais para o resto de cursos.

Papel facilitador do profesor/a

Estratexias metodolóxicas:

Memorización comprensiva

Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.

Análise de imaxes (artísticas, publicitarias, etc.)

Análise de audiovisuais.

Comentarios de textos, imaxes, etc.

Resolución de problemas sinxelos de xeometría plana e sistemas de representación.

Secuenciación habitual de traballo na aula.

Motivación:

Presentación actividades con, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

Información básica para todo o alumnado.

Visionado de imaxes como apoio as explicacións.

Traballo persoal

Lectura e comprensión de textos.

Comentario das imaxes vistas.

Resposta a preguntas.

Elaboración de láminas con exercicios correspondentes á materia explicada.

Avaliación:

Análise de producións: caderno de apuntes e realización de láminas.

Probas escritas.

Traballos individuais e en grupo.

Observación do traballo na aula.

Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoiado, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)

Simultaneábase o traballo individual e por grupos do alumnado propoñendo actividades de repaso, reforzo e ampliación.

Actividades tipo:

As actividades de recuperación serán as mesmas, ou semellantes, que as desenvoltas ao longo do curso. Reforzaranse os aspectos claves da materia adaptándoos ás necesidades individuais de cada alumno/a. Como actividades de ampliación proporáanse traballos de investigación que permitan ampliar os coñecementos e competencias do alumnado, preparándoos deste xeito para o seguinte curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Carpeta de cartón con solapas para guardar o material
Láminas "BASIC" tamaño A4 se recuadro, sobre de 10
Folios en branco tamaño A4 para bocetos
Compás con adaptador
Xogo de regras: escadra, cartabón e regra
Lápis 2B ou portaminas
Caixa de lápis de cores
Rotuladores calibrados 0,2mm e 0,8 mm
Témperas coas cores primarias: cyan, maxenta, amarelo, branco e negro.

Cada alumno/a ten acceso en todas as clases a un ordenador conectado á rede Edixgal con todos os programas que se poidan precisar para o desenvolvemento da materia. Tamén teñen acceso, na aula virtual do Plan Edixgal, a todos os contidos e material necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase un control de coñecementos explicados nos cursos anteriores xunto con probas de manexo instrumental.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	16	27	21	11	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Teranse en conta os traballos individuais (láminas, fichas, apuntes...). O apartado de traballos vale un 70% .

O outro 30% ven dado polo traballo na aula.

Haberá tres avaliacións. A media das tres avaliacións será a nota final.

Para ter o curso aprobado a nota media das 3 avaliacións debe ser igual ou superior a 5. De non ser así deberá recuperar a parte ou partes correspondentes.

Criterios de recuperación:

Cando a nota media das avaliacións non permita o aprobado, deberá realizar as actividades propostas polo profesorado para recuperar a parte ou partes correspondentes, calculándose a nota media de novo.

Os traballos ou fichas aprobadas nunha avaliación, non será necesario repetilos. No caso de acadar una nota inferior nun traballo sempre se fará media coa nota máis alta.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para recuperar a materia pendiente de 3º realizarse un seguimento da materia ao longo do curso. Farase un Plan de Reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación.

En primeiro lugar informarase á familia mediante un documento redactado polo Centro, do seguimento que se vai facer. Será a través de Abalar se ten a asignatura no seguinte curso e mediante o/a titor/a no caso de que non curse a asignatura. Ese plan de reforzo deberá ser entregado ás familias ou á persoa titora legal durante o mes de outubro, para o seu coñecemento.

Cada avaliación darase unha nota que será a media dos traballos realizados. A nota final será a media das tres avaliacións.

Se o/a alumno/a está matriculado na materia de educación plástica en 4º de eso, ao tratarse dunha materia con contidos progresivos, considerarase recuperada automaticamente a de 3º, si se supera a de 4º.

Finalmente, se non acadasen o aprobado co seguimento, terán unha opción final.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Ao comezo do período lectivo o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Tamén sería importante recibir da persoa titora e do departamento de Orientación toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderá proceder:

- Dos informes individualizados de avaliación de cursos anteriores.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.

A partir disto poderanse establecer, se procede, unhas medidas de atención á diversidade como as seguintes:

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS LENTO.

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes da unidade didáctica, presentar a unidade de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido), reforzo permanente dos logros acadados para elevar a autoestima-autoconcepto do alumnado, creación dun clima na aula na que o alumnado non tema expresar as súas dificultades, simplificación das actividades, etc.

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS RÁPIDO.

- Propor actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado para axudar a compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.
- Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical, que consisten en aumentar a cantidade de contidos para aprender nunha ou varias áreas.
- Ampliación curricular de enriquecemento horizontal, onde o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de Orientación do centro, e que estarán recollidas no plan anual do centro de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Asunción responsable das obrigas	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Favorece o espírito innovador	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Participar no enriquecemento do patrimonio	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Formación integral do alumnado	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Prevención e xestión responsable dos residuos	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Tratamento e fomento da lectura	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Competencia dixital					X	X
ET.9 - Fomento da convivencia no centro	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do proxecto lingüístico do centro	X	X	X	X	X	X

Observacións:

DADO O SEU CARÁCTER PRÁCTICO ESTA MATERIA CONTRIBÚE Á ASUNCIÓN RESPONSABLE DAS OBRIGAS, á cooperación e ao respecto ás demais persgas; desenvolve a capacidade de traballo en equipo e a autodisciplina ademais de promover o trato igualitario e inclusivo.

FAVORECE O ESPÍRITU INNOVADOR e emprendedor, fomentando a creatividade, a iniciativa persoal e a capacidade de aprendizaxe a partir dos erros cometidos.

PARTICIPAR NO ENRIQUECEMENTO DO PATRIMONIO a través da creación de producións persoais.

FORMACIÓN INTEGRAL DO ALUMNADO E AO DESENVOLVEMENTO DA HUMILDADE, da asertividade, da empatía, da madurez emocional, persoal e académica, da autoconfianza e da socialización.

PREVENCIÓN E XESTIÓN RESPONSABLE DOS RESIDUOS: Comprender a seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos, co fin de contribuir á educación ambiental do alumnado.

TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA.

Desde esta materia, e tendo en conta o Plan lector do centro, desenvolveranse as sesións do programa ¿Hora de ler¿ nas sesións coincidentes estipuladas no calendario escolar (na ESO).

EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

Promoverase a resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación, utilizando un vocabulario correcto e axeitado, reforzando o vocabulario propio da materia.

COMPETENCIA DIXITAL

Na materia fomentárase a capacidade do alumnado de poñer en práctica coñecementos, habilidades e actitudes á hora de acceder á información, construír con ela coñecementos propios, expresala e difundila, producindo documentos persoais e utilizando para iso medios dixitais. Esta materia contribuirá tamén ao desenvolvemento do Plan Dixital do centro.

FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES

IGUALDADE DE XÉNERO

FOMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións de traballos	Realización dalgunha exposición dos traballos feitos polo alumnado ao longo do curso, da colaboración coa biblioteca na celebración dalgún día específico (Todos os cursos).			
Participación en concursos	Participación en concursos como o Concurso Nacional de Dereitos Humanos (con 1º e 3º de ESO) ...			
Actividades relacionadas co centro: muráis, decoración, cartéis...	Actividades relacionadas co centro: muráis, decoración, cartéis...			

Observacións:

Título da actividade:
 Descrición da actividade:
 Obxectivos:
 Lugar e data prevista:
 Alumnado destinatario:
 Profesorado acompañante:
 Custe económico:
 Departamento/s colaborador/es:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para o desenvolvemento dos contidos
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades do alumnado
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Facilitouse ao alumnado e ás familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións
Realizáronse actividades para que o alumnado recuperara as partes non superadas da materia
Existiu coordinación entre o profesorado do departamento
O que estivo ben foi
O que estivo mal foi
Propostas de mellora

Descrición:

Ao final de cada período de avaliación ou de cada unidade didáctica, farase unha avaliación da práctica docente mediante unha táboa de cotexo ou unha rúbrica, coas que se poderá obter información ao respecto. Estas táboas poderán ser cubertas tanto polo alumnado como polo profesorado da materia. Nas reunións de departamento analizaranse o resultados desta avaliación da práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado da materia fará un seguimento do cumprimento da programación. Para iso ao finalizar cada unidade didáctica, e través da aplicación PROENS, no apartado de "Seguimento", comprobaranse as datas de inicio e final de cada unidade, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Nas reunións mensuais do departamento didáctico tratarase sempre como un dos puntos da reunión, o seguimento

da programación didáctica.

Antes de rematar o período lectivo, o alumnado fará unha avaliación da actividade docente baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Do mesmo modo, finalizado o curso, tamén se fará unha avaliación e unha memoria da programación da materia, onde se recollerán os seguintes apartados:

- A.- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.
- C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- D.- Motivos das modificacións feitas.
- E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- F.- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

9. Outros apartados